



BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN PEÓN PARA O CONCELLO DE SANDIÁS A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E AS ENTIDADES LOCAIS PROGRAMA APROL RURAL 2024.

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

E obxecto da presente convocatoria a provisión dunha praza de peón mediante a modalidade contractual de Contrato de Mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, programas de activación para o emprego, a tempo completo e cunha duración de nove meses a través do programa "APROL RURAL 2024" financiado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Segunda.- Requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de presentación das ofertas pechadas na correspondente oficina de emprego:

- a) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo.

- b) Que non fora separado mediante expediente disciplinario, do Servizo da Administración, nin encontrarse en situación de inhabilitación para o exercicio da función pública por sentenza firme.

- c) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/1984 de 26 de decembro do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

- d) Estar inscritos como demandantes de emprego na Oficina de Emprego correspondente.

- e) Os recollidos no artigo 14 da Orde do 26 de decembro do 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural)

Terceira.- Tribunal cualificador das probas.

1.- O tribunal cualificador designado pola alcaldía-presidencia (en virtude do artigo 21 .l.g) de 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local), e en base ao establecido pola Lei 7/2007 de 12 de abril, Estatuto Básico do Empregado Público, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Funcionario ou persoal laboral da Administración Pública.

Secretario (con voz e sen voto): Funcionario ou persoal laboral da Administración Pública.

1 vocal: Funcionario ou persoal laboral da Administración Pública.



2 vocal: Funcionario ou persoal laboral da Administración Pública.

3 vocal: Funcionario ou persoal laboral da Administración Pública.

Vocal suplente: Funcionario ou persoal laboral da Administración Pública.

2.- O tribunal poderá solicitar axuda de técnicos ou asesores cando o considere axeitado.

3.- O Tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen.

4.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranllo á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

6.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá un orden para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, en función das puntuacións obtidas.

7.- O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Cuarta.- Preselección de candidatos.

Segundo indica a Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural), os requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras serán os recollidos no artigo 14 da mencionada Orde, que indica:

"1. As persoas traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polas que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

Será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar que, no momento do inicio da relación laboral, a persoa seleccionada estea inscrita na oficina de emprego como demandante non ocupada e dispoñible para o emprego.

2. As persoas traballadoras que fosen contratadas, por un período igual ou superior a nove meses, con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de



lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, salvo en concellos rurais de menos de 2000 habitantes (Padrón municipal de habitantes 2023. IGE).

3. As entidades beneficiarias da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados; deberá presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO), de conformidade cos seguintes principios xerais:

a) A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no número 5 ou trate de favorecer os colectivos enumerados neste. Deberá utilizar unha linguaxe inclusiva, con especial atención na eliminación dos estereotipos de xénero, tanto na súa redacción como nas imaxes que acompañen a publicación.

b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

c) Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos á titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.

d) As entidades locais deberán presentar as ofertas, preferentemente cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data prevista para realizar as correspondentes contratacións na oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado.

4. Recibida a oferta, realizarase unha sondaxe de demandantes en función das súas características, atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dúas nin superior a dez. A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia das remitidas.

5. Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.

b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.

c) Persoas paradas de longa duración.

d) Persoas con discapacidade.

e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou as persoas trans.

h) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter



a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

6. Excepcionalmente, logo de solicitude debidamente xustificada por parte da entidade solicitante e da preceptiva autorización expresa da persoa responsable da respectiva xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal cando se trate de seleccionar integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, condición que se acreditará mediante as correspondentes certificacións ou informes elaborados polo persoal traballador social, se é o caso. As persoas seleccionadas polo procedemento descrito neste número deberán, en todo caso, cumprir os requisitos establecidos polos números 1 e 2 deste artigo.

7. As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

8. As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, serán resoltas pola entidade promotora.

9. Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas, incluso cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último caso, as persoas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa”

Quinta.- Selección.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases cos candidatos preseleccionados e remitidos pola oficina de emprego correspondente, despois de confirmar que cada un dos candidatos preseleccionados cumpre cos requisitos establecidos na Orde de convocatoria.

Fase de concurso

Establécense os seguintes criterios específicos: colectivos con especiais dificultades de inserción laboral a valorar, cargas familiares e nivel de protección por desemprego, sumando unha puntuación máxima de 12,50 puntos.

1.- Segundo o establecido no artigo 14, apartado 5) da Orde do 26 de decembro de 2023 (APROL Rural) terán preferencia neste programa a pertenza ós seguintes colectivos:

- Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral, segundo o establecido no artigo 14, apartado 5) da Orde do 9 de xaneiro de 2023 (Aprol Rural) da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade.

Esta preferencia será valorada ata un máximo de 9,50 puntos. Os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral a valorar son:

a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de



xénero.

Neste apartado puntúase por ser muller 1 punto e no caso de ser vítima de violencia de xénero sumaríase un punto máis, acadando neste apartado un máximo de 2 puntos.

b) Persoas demandantes menores de 30 anos (1 punto).

Neste apartado incrementarase:

Demandante que tendo menos de 30 anos non tivese emprego anterior (é dicir ningún contrato laboral que figure no informe de vida laboral): 0,50 puntos

Demandante que non teña acadado os estudos de graduado en ESO: 0,50 puntos Podendo acadar neste apartado un máximo de 2 puntos.

c) Persoas paradas de longa duración (1 punto) (Non se puntúa neste apartado os menores de 30 que sexan demandantes do primeiro emprego).

d) Persoas con discapacidade (1 punto)

e) Persoas desempregadas que esgoten as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito (1 punto)

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos (1 punto)

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas desfavorecidas da Renda de Integración Social de Galicia, ou personas trans (1 punto)

h) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.(2 ptos)

2.- Térase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas o/a cónxuxe,parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de 0,50 puntos por persoa a cargo, ata un máximo de 2 puntos, previa acreditación documental.

O menor nivel de desemprego (máximo 1 punto): presentárase un certificado da oficina de emprego correspondente da acreditación de se o/a candidato/a é:

Perceptores de desemprego: 0,25 puntos

Perceptores de subsidios, RAI, PREPARA, ACTIVA: 0,50 puntos

Non perceptores: 1 punto

RESUMO DAS PUNTUACIÓNS DA VALORACIÓN DE MÉRITOS.

1. COLECTIVOS CON ESPECIALS DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL A VALORAR		Máximo 9,50 puntos
Mulleres	Mulleres 1 punto	Máximo 2 puntos



	Vítima de violencia de xénero 1 punto	
Persoas demandantes menores de 30 anos	Menores de 30 anos 1 punto No suposto que sexan demandantes de primeiro emprego incrementarase en 0,50 puntos. No suposto daqueles demandantes que non teñan acadado os estudos de ESO incrementarase en 0,50 puntos	Máximo 2 puntos
Persoas paradas de longa duración. (Non se puntúa neste apartado os menores de 30 que sexan demandantes do primeiro emprego)		1 punto
Persoas con discapacidade		1 punto
Persoas desempregadas que esgoten as prestacións e subsidios por desemprego e que tivesen dereito.		1 punto
Persoas desempregadas maiores de 45 anos.		1 punto
Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas desfavorecidas da renda de integración social de Galicia, ou persoas trans.		1 punto
As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.		2 puntos
2.- MENOR NIVEL DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO E CARGAS FAMILIARES		Máximo 3 puntos
Existencia de	0,50 puntos por persoa a	Máximo 2 puntos



responsabilidades familiares.	cargo	
O menor nivel de desemprego.	<ul style="list-style-type: none"> - Perceptores de desemprego: 0,25 puntos - Perceptores de subsidios, RAI, PREPARA,ACTIVA: 0,50 puntos. - Non perceptores: 1 punto 	Máximo 1 punto
PUNTUACIÓN MÁXIMA QUE SE PODE ACADAR NOS APARTADOS 1 E 2		Máximo 12,50 puntos

EMPATES:

En caso de empate, dirimirase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

- 1º) En caso de empate entre varios candidatos/as atenderíase primeiro á maior puntuación acadada no apartado do colectivo.
 - 2º) Se persiste o empate priorizarase aquelas persoas emigrantes retornadas ou persoas extranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.
 - 3º) De persistir o empate atenderase á condición de mulleres vítimas de violencia de xénero.
 - 4º) De persistir o empate atenderase á data de nacemento dos candidatos/as maiores de 45 anos, entendéndose que teñen prioridade o de maior idade sempre e cando non exceda a idade establecida como máxima de xubilación forzosa.
 - 5º) Se persiste o empate atenderase a maior puntuación acadada no apartado de cargas familiares.
 - 6º) Se persiste o empate maior puntuación acadada no apartado nivel de desemprego.
- De seguir manténdose acudiríase en última instancia ó sorteo entre as partes implicadas.

Os aspirantes presentarán antes do día de baremación dos requisitos establecidos na Orde, o DNI, e toda aquela documentación oficial que acredite que cumpren un ou varios requisitos dos establecidos en dita Orde:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero (DM e/ou documentación que acredite ser vítima de violencia de xénero)
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional (DNI, vida laboral, título ou certificado de nivel de estudos máis alto do que dispoña)



- c) Persoas paradas de longa duración (Informe de situación laboral da Oficina de Emprego)
- d) Persoas con discapacidade (Certificado de minusvalía)
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito (Informe de prestacións)
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos (DNI)
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia (Informe de servizos sociais de pertenza a algún destes colectivos).
- h) No caso de emigrantes retornados certificado de emigrante retornado. No caso de estranxeiros autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Sexta.- Procedemento de selección.

Remitada pola oficina de emprego a correspondente a lista de candidatos preseleccionados, o Sr. Alcalde, cumprindo os prazos indicados na orde de subvención, aprobará mediante resolución a lista definitiva de admitidos que será exposta no taboleiro de edictos do Concello, na páxina web (www.sandias.es) e na sede electrónica (sandias.sedelectronica.gal), incluíndo na mesma a composición do tribunal e a data, lugar e hora de celebración da baremación.

As cualificacións e os resultados da baremación faranse públicos no Taboleiro de Edictos, na páxina web (www.sandias.es) e na sede electrónica (sandias.sedelectronica.gal)) e será facilitada por teléfono, e-mail ou persoalmente.

Rematada a baremación, a Mesa publicará a relación de seleccionados por orde de puntuación e e en ningún caso o número de seleccionados poderá exceder o número de prazos. Co resto de solicitantes non seleccionados establecerase un orde para cubrir as posibles vacantes.

Sétima.- Formalización dos contratos.

A proposta da mesa cualificadora elevarase á Alcaldía-Presidencia, para a resolución do expediente de contratación, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de edictos do Concello.

O Contrato formalizarase co aspirante seleccionado.

Oitava.- Norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015 de procedemento Administrativo Común.

O ALCALDE

Asinado dixitalmente á marxe.

